



BENIA A QUEN DÁ BOAS NOTICIAS!



A foto que fala



Haití, cada imaxe un mundo. (Campo de Caradeux, Port-au-Prince)

O trasno Sen cintura para o cinto

Daniel López

Hai días un pequeno empresario de servizos dicíame que a xente aínda non tomou conciencia da dimensión e fondura da crise e dun feito que el describía así: todos temos que pensar agora en traballar para sobrevivir, e non con outros horizontes, vivenda na praia, gastos innecesarios, determinado coche, ocio absurdo. Tamén me falaba de que a xente no paro cobrando os 460 euros, non acudía á súas ofertas de media xornada, con contrato e cotización, porque apenas podía ofrecer 500€ líquidos.

Todo hai que tomalo dependendo de quen vén, pero a cousa dá que cavilar. O famoso decrecemento non foi planificado e a realidade é teimuda, así que vén imposto pola crise. O problema é que ese decrecemento, como temos indicado sempre que falamos destas cousas, debe ser socialmente sostible, repartido, equilibrado. E non é tarefa doada, nin se resolve tomando un viño.

Hai que facer axuste do gasto público, pero creo que non había que tocarlle, de momento, á famosa prestación extraordinaria dos 460 €. Cando as cousas veñen mal dadas resulta especialmente anoxante para traballadores e empresarios que haxa sambesugas dos subsi-

dios públicos. Pero pedir que se acaben eses subsidios é tanto como pedir que rematen as urxencias na sanidade pública porque hai demasiada xente que fai un mal uso delas.

O perfil do parado comeza a ser moi preocupante cando vai comezar o terceiro ano da crise. Case o 40% dos parados vive en fogares nos que non traballa ninguén. Unha boa maioría aceptaría un posto de traballo, aínda que non fose o mellor. Hai sambesugas, pero como establecer ese control sen uns servizos públicos capaces?

Hai moito percorrido para o axuste, antes de apertar máis o cinto dos sen-cintura. A prensa que airea tanto o exceso do gasto administrativo nunca dá as cifras exactas das subvencións, contratos, anuncios e toda a parafernalia coa que o poder compra o seu favor. Os gabinetes políticos dos altos cargos, auténticas lavadoras de información, medran sen conto. Hai actividades económicas obscuramente opacas ao fisco, que seguen impunes. Axudouse á banca, pero non se lles impuxo unha obriga de limitación desas remuneracións escandalosas dos seus directivos.

Axustar vén de “xusto”; non o esqueza-mos.



Editorial A perversión do servizo público

Evidentemente que os controladores aéreos, os médicos especialistas e os bombeiros son grupos moi especiais de servidores públicos. Hai moitos máis, que xunto a estes e dependendo das circunstancias, non poden fallar. Por iso precisamente son parte de algo tan serio como ese servizo público, porque hai áreas de funcionamento da sociedade que dificilmente se poden deixar en mans do mercado libre sen que periguen os dereitos fundamentais, o interese xeral, a igualdade de trato e o benestar mínimo de todos e todas.

O problema de agora dos controladores vén de atrás, dunha perversión do sentido do servizo público, trufada de corporativismo, imprevisión e, tamén, cobiza.

Está bastante demostrado e así pasou en Galicia hai ben pouco na sanidade, que cando se introducen para certos sistemas públicos altamente especializados as “gardas remuneradas”, horas extras, retén gratificados, ou como se denominen en cada caso, eses especialistas comezan a ter un sospeitoso baixo rendemento en “horario normal” e unha frenética actividade no tempo gratificado como extra.

No caso dos controladores ese sistema retributivo produciu dous efectos perversos: unhas remuneracións

desmesuradas -a media bruta estaría nos trescentos mil euros, pero déronse casos de un millón de euros- e un alto estres e cansazo dos individuos. En certos casos, por imprevisión do goberno, o acceso á profesión e a formación de continxentes preparados para tomar o relevo nestes casos non se acomete en serio ou, como pasaba en Portugal cos médicos, era dificultada

Certos sistemas retributivos producen efectos perversos

por presións e actuacións do propios facultativos colexiados, co estúpido razoamento corporativistamente miope de “cantos menos sexamos, máis a repartir”. Pois non: se hai carga de traballo que se reparta con xente nova e todos ganen cantidades razoables e non ofensivas.

O conflito desvelou moitas cousas, pero sobre todo esa solermeña perversión do sentido do servizo público, que pasou a ser para certos colectivos, por cuestións remunerativas, mala organización e a propia condición humana, que é a que é, un filón. Resulta difícil convencer á xente, con estas cousas e con todo un poder mediático apoiando as teses privatizadoras e liberais e mallando na imaxe dos funcionarios, que conflitos coma este deben servir para repensar e mellorar eses servizos públicos, con planificación, sen privilexios, con reparto de cargas, e de beneficios.

Rumores de esperanza

Xan Guillén



Estes días falei cunha persoa das imprescindibles na nosa sociedade. Trátase dun voluntario de Cáritas. É unha persoa moi implicada e que leva anos traballando por aqueles que o precisan. Do que falei con el, chamoume a atención unha cousa que hoxe quero compartir convosco.

Comentoume que dende había máis ou menos un ano eles percibían a crise. Por unha banda, hai máis xente que acode aos centros de Cáritas a solicitar axuda. Por outra, as administracións son menos xenerosas coas axudas e subvencións a Cáritas. Todo parece poñerse en contra de Cáritas, non si?

Pois a segunda parte do que me contou si que é un motivo para a esperanza. Resulta que sen que Cáritas fixese nada, cada vez a xente bota

máis unha man. Resulta que é moita a xente que ao percibir a crise mira para aqueles que a están a sufrir. Teremos que apertar o cinto, pero grazas a Deus temos cinto e estamos a ser máis solidarios e dar máis axudas para os necesitados e necesitadas do noso carón.

Camiñamos cara ao Nadal. Rematamos o Advento, tempo de esperanza e a boa noticia. A solidariedade non está en crise. Nestas operacións quilo de Nadal seremos máis solidarios porque somos máis conscientes. Deámoslle a benvida ao Neno que era necesitado e os pastores foron conscientes diso de igual xeito que todos aqueles que en vez de mandar un quilo a Cáritas este ano mandarán dous ou tres. Felicidades!

1



3



2



4



A peneira

1

Inzan as protestas contra novas **MINICENTRAIS** (Fervenza-O Corgo, no Miño; Xallas-Dumbría; Eo-Meira) que se constrúen aproveitando concesións caducas. A Xunta suspende 45, paralizadas polo bipartito, pero Madrid mantén 35. Galicia exporta enerxía, pero os xerentes, centralistas, esquilman os recursos hidroeléctricos e contaminan producindo a prol de empresas e bancos foráneos. Na foto o Eume xunto á presa de Endesa.

2

O 7 celébrase o "Día do **ENSINO**" aproveitando a ponte. O que non se pode é "pontear" os problemas, sobre todo, en alumnado con especiais necesidades pedagóxicas: hiperactivos, autistas, etc. Se o fracaso escolar é do 30%, en xeral, na etnia xitana sobe ao 80%. Só un 24% fai secundaria, fronte ó 64% do conxunto. E principiaron aos 6 anos, fronte ós 3 do resto da comunidade de escolares. En Galicia hai 20.000 xitanos dos cales o 75% vive na pobreza.

3

No "Día do **EMIGRANTE**" lembramos a 106.000: 85.818 censados; os outros, sen permiso. É o caso de Viveiro co 6%: peruanos e indonesios que traballan na pesca; portugueses, na madeira; dominicanos/as, na hostelería, coma os da foto... É o 3º concello máis poboado, tras Lugo e Monforte. Eles están apoiados no Concello por Atención ao emigrante. Na crise, somos os primeiros en emigrar: 352.000.

4

O19, érguese en Santo Amaro o Memorial ás vítimas do franquismo, cos nomes dos asasinados nas Mariñas, onde Valdi eterniza "**PAZ** para sempre" de Rodríguez Fer: "Perseguíronos con saña./ Detivéronos con servicia./ Torturáronos con sadismo./ Encarceráronos sen causa./ Xulgáronos sen xustiza./ Paseáronos sen piedade./ Así os mataron./ E impuxeron o terror./ E impuxeron a calumnia./ E impuxeron a falsificación./ E impuxeron a censura./ E impuxeron o silencio..."

5



6



7



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Dous **CIRURXIÁNS DO MUNDO** con renome por reconstruír caras con células nai, interviron 4 nenos ugandeses acollidos por veciñas/os de Lugo e a Casa Diocesana. Os 5 membros xa trataron 700 nenos/as con deformacións en Kampala en 12 anos. Anónimos lucenses sosteñen alí unha granxa de polos, que alimenta a 250 nenos, moitos con sida ou orfos, coa axuda das monxas do Bo Samaritano

6

O 18 a cita é no auditorio de Compostela coa presentación de **LIDIA SENRA Rodríguez**, *A historia dun liderado entrañable*. Unha obra de Tareixa Ledo Regal, sobre a loita de Lidia a prol de Galiza. Organizada polo Sindicato Labrego, ás 12 horas. Ademais da secretaria, Carmen Freire, interveñen a compañeira Isabel Vilalba e X.M. Beiras. O acto rematará cun xantar e festa.

7

Cos **XOGUETES**, lembramos a reivindicación dos iugures, enxergada nunha xoguetería. Na foto, a líder, R. Kadder. Unha nación, -de 56 recoñecidas-. rica en ouro, uranio e 40.000 millóns de barrís de petróleo. 9 millóns son de crenza musulmá e andan espallados polo mundo. Beijing non permite a independencia e segue a estender a cultura da morte. 5679 execucións no ano pasado (o 88% das do mundo)

8

Cómpre que honremos a **DON PACO**. Un século arrequecendo as nosas arelas de liberdade. Cantas veces alentou a persoas e colectivos que loitaban por máis fidelidade ao pobo!. Cangado polos anos, endexamais mermou o compromiso e a enerxía: sabía que a multiplicaba, espallando arreo o seu lume en centos de luciñas polo país.

☼ 27891 CERYO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

☼ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 02 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

☼ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

☼ Rebl, 56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

☼ Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

☼ Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galcriamadrid@sargadelos.com



☼ Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

☼ Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

☼ Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

☼ Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

☼ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

☼ Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com

☼ Conde de Fenosa, 39
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

☼ Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espirolde@yahoo.com

☼ Calvo Sotelo, 8
36580 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@aeestrada.com

Actualidade Crise

Ánxela García Dobarrio

Nos últimos tempos non falta quen proclama que as crises veñen ben para reflexionar e emendar os vicios e abusos da fartura e da abundancia. Pero esas palabras parécenme sempre ditas desde unha certa prepotencia: a do que se sabe seguro no seu traballo, na súa casa e no seu quefacer diario. Porque teño para min a penosa sensación de que os que pagan son sempre os mesmos. A clase economicamente máis poderosa fai axustes, parte da clase media velle as orellas ao lobo. Pero os do medio para abaixo, eses, esen pérdeno todo. Ás veces, ata a dignidade. Non son estes tempos para andar facendo remilgos nin poñendo caras a un contrato laboral de catro perras, sen vacacións, de 50 horas semanais, de xornadas interminables e de contratos en branco asinados previamente. Todo iso enténdese incluído nas cláusulas da desesperación.

O outro día, estando na cola de caixa nunha cadea de roupa moi coñecida fun testemuña dunha situación que ben podía ser parte dunha película de Chaplin: a caixeira facía o seu traballo mentres, ao seu lado, unha supervisora revisaba os estadillos de asistencia, quendas de fin de semana e peticións para os días de apertura en Nadal. E comprobando os turnos, confírmalle á rapaza catro días de “xornada continua” (de 13:00 a 21:00) e logo outros tres de “xornada intensiva”. Eu, que non podía evitar escoitar a conversa, pregunteime que sería iso da xornada intensiva cando a continua era de nove horas (e seguro que algo máis). As miñas dúbidas quedaron despexadas cun: “Xa sabes, de

11:00 a 21:00, e sen comer?” Nestas, a rapaza da caixa, cuns

ollos de total resignación, continuou a conversa: “E logo non podo parar para comer?” A tal

momento, eu xa tiña unhas palabras

furibundas para botarlle en cara

á perversa supervisora falán-

dolle dos dereitos laborais, e

da explotación, e de Europa,

pero un “Non, muller, podes

comer un sándwich aí detrás

en quince minutos” e sobre

todo un “Ah, menos mal” da

rapaza anuláron todo o meu

repertorio de descualificacións.

Nin sequera fun quen de pagar a

prenda que levaba. Deixei a tirada

nunha das estanterías, no medio

dun rebumbio de roupa no que era

imposible coller unha prenda sen

que che caesen enriba,

revoltas e cheas de pó,

todas as demais.



Coidado! Aí están de loito

Xaquín Campo Freire. Mandiá, 07-12-2010.

Esta tempada tócame acompañar moi de cerca a unhas familias nuns procesos de enfermidades longas, seguidas de morte. Agora están nesa costa arriba, tamén longa e difícil do loito, da dó: cómo aprender a vivir cando alguén moi querido nos desapareceu para sempre.

A nós, na nosa casa, desde os meus sete anos ata os vinte, comezando pola nosa nai, fóronnos deixando seis persoas moi esenciais nas nosas vidas. E aquí ven aquilo da sorte de vivir na aldea. Todos estiveron connosco amortecendo as nosas tristuras.

Lembro isto: era polo Entroido. Os rapaces das parroquias veciñas disfrazábanse e facían troula. Cando se achegaban a uns cen metros da nosa casa, nas distintas comparsas, dicía alguén: COIDADO! AÍ ESTÁN DE LOITO. Sabían que non podían ignorarnos. Pasar de largo? Non tal. Viñan visitarnos. Chegaban en silencio e quitaban as caretas. Sabían que nós estabamos ben tristes. E sabían tamén que a súa visita éranos esencial. Petaban: Podemos entrar? Pasaban connosco ata media hora. Cánto lles ten agradecido o noso pai que trouxeran alivio e cordialidade para os seus picariños e para os seus anciáns, algún xa encamado!

Estamos noutra era, e a sociedade é moi diversa: "Camiñan ao meu rente moitos homes. Non os coñezo. Sonme estranos." Mais o corazón dos homes e das mulleres seguen a necesitar que se lles achegue alguén con empatía sanante e sanadora, con sinceridade, con preparación terapéutica axeitada para acompañar eses procesos do dó, do loito. Cántos trastornos psíquicos e afectivos se derivan dunha



perda mal xestionada! Cánto sufrimento en soidade e incompreensión. A civilización actual vai moi lonxe de todo canto supoña humanizar as perdas e pórllle corazón á vida. Hai moita xente soa.

Certo que temos cada vez mellores psicólogos e xentes que traballan nos eidos da saúde e que o fan moi ben. Mais iso non suplirá nunca a necesidade que temos de crear novos espazos e experiencias sanantes onde podermos encontrar a coño con persoas que baixen connosco ao pozo e nos acompañen para alentar de novo na vida. "Se é túa a miña noite, se choran os meus ollos o teu pranto, coma un irmán che falo." "Aprender a coidarnos, para poder coidar, para poder axudar": Este é o programa que estamos a desenvolver nos grupos da nosa Escola de Acompañamento e Relación de Axuda "Mons. Araúxo." Estamos dando pasos ben importantes e facendo ben a moitos. "A miña man che dou, coma un irmán che falo".

© CARRABOXO por ROBE LOIS



Entrevista O relato sobre un Deus realmente bo

Redacción



Conversa con Andrés Torres Queiruga

A teoloxía e a Igrexa deberían darnos boas noticias sobre Deus, pero isto non pasa a miúdo. A teoloxía de Andrés, que agora está no momento doce e merecido da homenaxe e da recapitulación de toda unha vida de pensamento e comunicación sobre o divino no humano, é radicalmente optimista. E por iso é coherente co cerne da mensaxe cristiá: non é posible outro relato sobre un Deus que é un amante apaixonado da humanidade. Esta entrevista coa que nos agasalla, non é exactamente unha entrevista teolóxica, pero si unha entrevista con boa teoloxía. E ese é un ben escaso.

Disque Andrés Torres Queiruga acaba de se xubilar e que hai homenaxes, entrevistas, ensaios. Diante desa xubilación, que sentimento é o que máis predomina en Andrés? A ledicia -ese xúbilo da etimoloxía latina- quizais o de nostalxia....?

Un pouco de todo. Unha sensación de normalidade. Parece que as cousas non van comigo. O principal: unha sensación de continuidade, acaso algo máis libre para me dedicar a certos proxectos pendentes.

Por certo, quen é o que se xubila: o profesor universitario, o teólogo, o sacerdote ou a persoa?

A sensación de continuidade é, ante todo, da persoa. A xubilación nótoa, sobre todo, no de profesor, pois aí o cambio é radical.

a miña maior satisfacción está na realización do meu labor teolóxico

E pois, chega un bo momento de facer balance. De que te sentes intimamente máis satisfeito, máis feliz, máis realizado? Que é, pola contra, o que percibes como pendente, como inacabado, como insuficiente?

Sen dúbida a miña maior satisfacción está na realización do meu labor teolóxico. Creo que aí fun encontrando o meu ton e perfilando unha mensaxe que ante todo foi liberadora para

min mesmo. Pendente está a realización dalgúns proxectos teolóxicos. Un nunca sabe nin se estará á altura nin se haberá tempo para os realizar. De insuficiencia a que máis noto é o malentendido dalgunha oficialidade eclesial que, con informes torcidos, fixeron que se enfocasen mal, moi mal, tanto a miña teoloxía como as miñas intencións. Pero teño a alegría íntima de comprobar que alí onde iso non existe son ben, moi ben, comprendido e acollido.

Dáanos unha exclusiva mundial: que proxectos son eses?

Como proxecto inmediato estou en algo así como unha síntese de como comprendo eu hoxe a fe. Aínda non estou seguro de encontrar o estilo e a medida. Soño cun tratado sobre Deus e cunha Cristoloxía. Soño.

Resulta imposible separar a túa traxectoria, a túa evolución da propia historia recente da Igrexa e, máis en concreto, da sempre pendente Igrexa galega. Que dirías que puido ser e non foi na túa, na nosa Igrexa?

Desde o pontificado de Quiroga Palacios a nosa igrexa galega non acaba de se encontrar a si mesma. Perdeuse a oportunidade do Concilio Pastoral de Galicia. Perdeuse a ilusión da Assembleia Conxunta. Non se emprendeu ningún plano pastoral que, de verdade, quixese preparar un futuro creativo. Desde o paso de Suquía des-

apareceu todo proxecto ilusionador. Calma, sen verdadeira esperanza.

Que é máis doado de levar: un teólogo cristián dentro da institución universitaria ou un profesor universitario de filosofía dentro da Igrexa institución? Cres que a independencia que che outorgou ser profesor da USC tivo influencia sobre a túa liberdade para afondar na teoloxía?

Ningunha das dúas tarefas resulta doada. Pero non cabe negar que a Universidade crea un espazo moito maior de liberdade intelectual. Debo dicir, así e todo, que antes e despois mantiven o mesmo ton e a mesma liberdade no meu traballo teolóxico. Hai avance pero non cambio de dirección na miña obra. Nunca escribín nada que non pensase e, menos, no que non crese.

Está a Igrexa a furtarlle a ao seu pobo un bo alimento teolóxico, un discurso compatible coa modernidade no que expresar e vivir a fe?

Penso que non se xestionou, nin se xestiona, ben a herdanza magnífica do Vaticano II. Foi unha enxurrada de esperanza e liberdade, e houbo medo. Optouse pola restauración, e iso ofrece seguridade inmediata pero pecha o futuro. En bastantes puntos fundamentais a teoloxía está en débeda coa súa obriga de facer viva a Palabra da revelación.

Fálanos dos teus grandes e irrenunciáveis referentes?

O primeiro, interpretar todo, absolutamente todo, desde un Deus que, creando por amor, non busca nin o seu “servizo” nin a súa “gloria”, senón só e exclusivamente o ben e a realización humana. O segundo, traballar xuntos para o mostrar. *A nivel teórico*, renovando a teoloxía coa idea dun Deus totalmente entregado ao noso ben e, por iso mesmo, non intervencionista nin precisado de que o informemos ou tratemos de o convencer cunha

oración e unha liturxia non debidamente actualizadas. *A nivel práctico*, apoiando e promovendo todo aquilo que axude a humanidade, empezando sempre desde abaixo, dos pobres, marxidados e sufrintes: hai moitas crentes e moitos crentes empeñados niso cunha enorme xenerosidade, elas e eles deberían ser os grandes referentes eclesiais. O terceiro, no que non me podó estender aquí, é o de (re)establecer unha verdadeira relación entre relixión e moral: teño a impresión de que un mal enfoque neste

xustiza, polo “tiven fame” do capítulo 25 de Mateo. Tería que ver, máis ben, cun macroecumenismo, que abrangue a persoas doutras relixións, doutras identidades, agnósticas etc. Son, quizais, chegados os tempos dunha nova realidade que supera o estreito e -tantas veces opresivo- marco das relixións?

Certamente o que chamades encubrimiento moral obedece ao medo. Medo a que se a Igrexa non determina as pautas morais, cunha clara acen-

cómpre (re)establecer unha verdadeira relación entre relixión e moral

punto está impedindo falar *de Deus* e do seu verdadeiro sentido na nosa vida; coa consecuencia de grandes desercións de xente que por “falsos escándalos” na moral non comprenden o verdadeiro sentido da fe.

Por veces dá a impresión de que o “encubrimiento moral” do cristianismo obedece a un pánico cardenalicio a quedarse sen “substancia cristiá”, sen papel no mundo. De feito a causa do Xesús histórico é “transreligiosa” é unha aposta pola humanidade, pola

tuación de todo o que ten que ver co sexual, producírase unha desmoralización xeral. Pero, repito, o problema central é colaborar no encontro das pautas para unha auténtica moral humana. Estou seguro de que, sendo actualizada, acabará converxendo con valores centrais do Evanxeo, en torno á xustiza, á fraternidade igualitaria, á verdadeira humanización. E despois, o núcleo da predicación neste terreo está en animar a cumprila, mesmo cando poida ir contra os pro-



Os recoñecementos sucéderonse nestes últimos anos

Entrevista ○ relato sobre un Deus realmente bo

Redacción

pios intereses. Contra certa tendencia moi actual, sigo a pensar que Xesús é unha figura profundamente relixiosa, só que dunha relixión revolucionaria, porque se apoia na experiencia dun Deus *Abbá*, pai-nai, emborcado en amor sobre todas as súas creaturas, convocando ao amor activo, abrindo esperanza a pesar do mal e do absurdo aparente. Neste sentido converxe coa intención profunda de todas as relixións e mesmo co fondo de todos os movementos humanizadores.

Non se pode falar da túa obra ser ter presente á Revista Encrucillada, da que es fundador. Cal pensas que é o presente e futuro da teoloxía galega e española? Pódese falar dunha futura “escola queirugiana”?

Encrucillada é un pequeno milagre nun panorama moi desasistido. A teoloxía está nun período baixo. Pero o vento do Concilio segue aí: reavivará as ascuas. E hai unha esperanza que a min me impresiona cada vez máis: a cantidade enorme de laicos e laicas que están a estudar teoloxía. De aí sairá algo novo, non previsible aínda, pero que espero moi renovador e fecundo.

De “escola” resultaríame ridículo non só falar senón mesmo pensalo. Do que si teño case seguridade é de que algunhas das ideas que propoño acabarán sendo moi xeralmente aceptadas: non porque as propoña eu, senón porque están no ambiente, acaso sen formular. Gustárame que a miña teoloxía, dito nunha categoría que me é moi querida, resulte “maiéutica”; faga de parteira que axude á toma de conciencia e á clara formulación. De feito, a acollida sobre todo en latinoamérica, pode ser unha confirmación. En todo caso, é un grande ánimo para min.

Moitos tiveron presente a Torres Queiruga a raíz da polémica deste ano cando comezaron a falar dunha posible condena dalgúns dos seus posicionamentos teolóxicos. Houbo polémica e manifestos de apoio. Como ves agora toda aquela polémica? Pensas que pode rexurdir nalgún momento?

Creo que o claro contraste entre a ameaza e os apoios reforza o que dixen antes. No fondo, está aquel malentendido oficioso. Teño a esperanza de que ese enguedello, que considero absolutamente inxustificable, se apague por si mesmo e acabe dunha vez. **Torres Queiruga é, sen dúbida ningunha, un das figuras senlleiras da cultura e da lingua galega actual. Membro da Real Academia Galega, do Consello da Cultura Galega. Non**

só cos seus escritos, senón tamén na rúa, como se o veu detrás dunha pancarta dunha marcha en defensa da lingua galega. Que importancia ten publicar a súa obra en galego?

Publicar en galego é para min consecuencia evidente de ser galego e vivir en Galicia. Paréceme que non ten ningún mérito. Se acaso, unha chamada á situación duramente anormal da nosa igrexa neste respecto. A lingua ten un porvir difícil, que pide o compromiso de todos. A igrexa non cumpre; creo, e cústame dicilo, que recuou. O goberno, o mesmo. En ningún dos dous casos penso en mala intención subxectiva, pero si nun moi

tratei de lle dicir a xente que “Deus só sabe, só quere e só pode amar”

falso diagnóstico que está a facer un tremendo dano ás entrañas de Galicia; dano político e relixioso.

“Chega Queiruga ás portas do ceo” –estas cousas pasan– “e San Pedro di-lle: oes, Andrés, dime o Santo Padre/Madre, o de verdade, que para pasar tes que resumirme en dous parágrafos o cerne do teu discurso sobre Deus, a humanidade e a salvación”

Diría algo así: “Querido Pedro, case colega, porque son fillo de mariñeiro, o meu salvoconduto non chega a dous parágrafos; abonda con un que case non me atrevo a pronunciar: tratei de lle dicir a xente que “Deus só sabe, só quere e só pode amar”



A súa obra, escrita en galego, goza dun recoñecido prestixio e difusión

Moisés Lozano Paz

O AUXE DA EXTREMA DEREITA NOS ESTADOS UNIDOS

O movemento extremista dominou as primarias do Partido Republicano de EE UU. A resoante vitoria do movemento popular coñecido como "Tea Party" nas eleccións primarias, a máis sorprendente e transcendental das moitas obtidas por ese movemento nos últimos tempos, pon definitivamente á extrema dereita ao mando do conservadorismo norteamericano e abre un difícil período de incerteza sobre o destino do histórico do Partido Republicano e da política norteamericana na súa totalidade.

Un novo conservadorismo norteamericano

O nome "Tea Party" fai referencia ao movemento anticolonialista de finais do século XVII chamado Motín do té de Boston ou ("Boston Tea Party"), que protestaba pola aprobación dos impostos ao té, sen ter representación no parlamento Británico. Os membros das marchas do actual *Tea Party* trataron de evocar estes antigos movementos sociais usando imaxes, consignas e temas deste período da historia estadounidense.

Simbólico foi o triunfo de Christine O'Donnell, orgullosamente extremista, que avogaba polas armas, a abstinencia sexual, o fin dos impostos e a liquidación de todo o aparello estatal. Co apoio e o diñeiro do *Tea Party* e a bendición de Sarah Palin, a heroína desta peculiar revolución, bastoulle para derrotar a Mike Castle, un membro da Cámara de Representantes, unha respectada figura de Delaware, un Estado rico e progresista da costa Este e o candidato apoiado con todas as súas enerxías polo Partido Republicano.

Este movemento conservador en desenvolvemento nos últimos meses

en Estados Unidos rompe os moldes do republicanismo tradicional e evoca o carácter racista, nacionalista e fanático do fascismo.

Obama no punto de mira

Destaca a hostilidade que este movemento manifesta cara a Obama. Así un dos oradores en Nashville sostivo con convicción que "está mellor documentado o nacemento de Cristo que o de Obama". "É africano", berrou unha muller entre a audiencia. Detrás desta campaña que lle nega a Obama a súa cidadanía norteamericana es-

branco que tampouco se viu favorecido polos bos contactos, as amizades útiles, o diñeiro fácil, e que foi engrosando durante as últimas décadas unha clase media, que foi orgullo da nación nos anos cincuenta, pero que foi despiadadamente maltratada pola última revolución tecnolóxica e a recente crise económica.

Desde unha óptica europea, esa combinación de demagogia, racismo, nacionalismo e xenofobia, enarborada por unha clase media ferida e axitada, é unha receita moi coñecida e aínda temida. É verdade que o novo move-

Este novo conservadorismo recolle moita da frustración do home branco

cóndese o rexeitamento á súa lexitimidade como presidente.

Este novo conservadorismo recolle moita da frustración do home branco, acumulada desde a liberación feminina, os dereitos civís, de todas as leis para a igualdade que lle foron restando poder ao sector da sociedade eternamente dominante. Ese **home**

conservador norteamericano fai gala da súa defensa da liberdade e non parece aínda compatible cun Goberno que non garante o respecto ao individuo. Pero esta situación, trae malas sensacións e asusta. Os fanatismos sempre son malas compañías para a democracia e o respecto aos dereitos das persoas



A candieira A marabillosa historia do Nadal

Christina Moreira

Lucas (capítulo 2) é o único dos catro evanxelistas que relata con detalles o nacemento de Xesús en Belén. Os exexetas e os historiadores están dacordo para fixar a data deste nacemento como anterior à fixada por Dionisio, o Exigu cando estableceu a era cristiá no século VI. Por suposto, o 25 de decembro débese unicamente ao solsticio de inverno. O censo que motivou o desprazamento de Xosé e María a Belén é difícil de datar. Por que estas imprecisións históricas? Porque a historia do Nadal non é un relato histórico. A chegada dos anxos anunciando o nacemento aos pastores e cantando a gloria de Deus “no máis alto dos ceos” deixa ben clariño que se trata dun estilo literario diferente do estilo dun historiador, que pretende ser obxectivo. E por iso quedaría este relato desprovisto de todo significado? Desde logo que non, ben ó contrario, cada feito escollido polo evanxelista quere expresar algo máis importante que a verdade histórica.

Busca primeiro ancorar firmemente a Xesús na espera do seu pobo da vinda do Mesías. Este debía ser da familia de David, por iso cómpre que naza en Belén, a aldea do rei David, dando as razóns da viaxe de Xosé e María. Inmediatamente conta o nacemento, non entre fastos reais, máis ben na meirande sinxeleza: un cortello ou unha gruta, sen mais berce que unha manxadoira.

Esta escena conmovedora fainos apreciar de entrada a rica personalidade de Xesús, que se presenta á vez como mestre e como servidor, glorioso e menosprezado. Como ese neno non é un “recén nacido calquera envolto en capizos”, Lucas recorre ao rexistro do marabilloso para recalcar o que será o destino excepcional de Xesús e que, evidentemente, os autores dos evanxeos coñecen ben, xa que Lucas redacta o seu, uns 40 anos despois dos acontecementos da vida, morte e resurrección daquel a quen eles chaman o Señor. Cando Xesús nace, quéresenos facer entender que o ceo e a terra xa non están separados. Do mesmo modo, noutros episodios marabillosos da vida de Xesús, chega do ceo ou este entreábrese. En Xesús é Deus mesmo quen se achega á humanidade.

o Nadal, cada ano, segue a ser unha marabillosa historia.

Os pastores, avisados misteriosamente do nacemento, representan una categoría social que non tiña boa sona. Tíñaselles por vagabundos ou bandoleiros. A elección de Lucas para facelos intervir ten unha razón. Xesús dirá máis tarde: “Non vin para os xustos senón para os pecadores “Os excluídos son os primeiros en ter parte na gran nova de Xesús e en crer nela. Son os primeiros apóstolos, volvendo do presebe van contando por todas partes o que o anxo lles dixera deste neno.

Este relato é unha revelación: Deus mesmo colle dunha forma moi especial un rostro humano en Xesús e manifesta así a súa total implicación na historia humana. Por iso, para os e as que descubren que esta gran noticia da plenitude dá sentido á súa condición humana, o Nadal, cada ano, segue a ser unha marabillosa historia.

ERE (expediente de regulación de emprego) no Belén.

Mañá quero empezar a pór o Belén (ou os belenes) na miña casa e, como estou en crise, as decisións que vou tomar son as seguintes:



Pastores. Todos os belenes teñen a condenada manía de ter máis pastores ca ovellas. Ignorantes! Por suposto, o lóxico é desfacerse de todos, menos un (meu primo). Instalaremos pastores eléctricos co fin de controlar as ovellas. Unha vez instalado substituíremolo, en breve, por un can con experiencia. O meu primo pasará a ordenanza.

Personaxes gremiais. Sorprende observar a cantidade de traballadores *obsoletos* que pode haber nun belén: o ferreiro, o panadeiro, o carpinteiro,... Porén, cantos clientes hai? O racional é modernizar a produción: despedir a todos foi duro, pero rendible. No seu lugar contratamos a unha chinesa (menor de idade), que nun pequeno comercio fabricará (18 horas/día) e venderá (durante as outras 6) os obxectos que vendían os demais.

Posadeiro. A chinesa farase cargo tamén da pousada, funcionará co sistema de cama quente (non ten nada que ver con Sánchez Dragó).

Lavadeiras. Que teima teñen nos belenes con lavar a roupa! Co fría que debe estar a auga! Cada un lavará a súa roupa, e potenciarase así a igualdade de sexos.

Anxo anunciador. Suprimidos os pastores, para que un anxo? Se nin para

vicepresidente valía...Substitúese por un anuncio luminoso. Punto pelota. **Castelo de Herodes.** A Herodes mantéño no posto. Sempre fixo falta un malo. Soldados, quedo-me con dous, pero externalízoos.

Paseantes varios. É sorprendente ver a cantidade de personaxes que abundan nun belén sen facer nada. Todos despedidos. Isto tiñámolo que facer hai tempo.

Reis Magos. Por suposto cun só rei é máis que suficiente. Mira España! Levará o ouro, o incenso e a mirra. Eliminamos dous reis, dous camelos e os paxes. Quedaremos co rei negro, non somos racistas, ademais é posible que queira traballar sen que lle deamos de alta.

Mula e Boi. Para que os quero habendo Gas Natural?

San Xosé e a Virxe María. Familia monoparental xa!. Por razóns de paridade quedámonos coa Virxe María e, lamentablemente, temos que despedir a San Xosé. Poderá ver a Xesús unha fin de semana ao mes e cuidadiño co que diga!

O neno Xesús. Malia a súa mocidade ten moito potencial. Parece que o seu pai é un peixe gordo. Mantémoslle como bolseiro co soldo mínimo, ata que demostre a súa valía.

O Belén queda pois da seguinte forma: Un pastor con ovellas nun cercado, unha chinesa cun comercio/pousada de 24 horas, Herodes e dous gardas subcontractados, o rei negro, a virxe e o neno. Vai ser máis eslamiado que outros anos, pero aforreime unha pasta...

O noso taboleiro Nadal Franciscano

Os PP. Franciscanos do Convento de Canedo, queren celebrar a Noiteboa e o Día de Nadal coas persoas que están ou se sinten soñas.

Indicacions:

Destinado a todas as persoas que, con boa vontade e respecto, acollan a nosa proposta

Queremos que sexa unha celebración fra-terna e cristiana, rememorando a celebra-ción do Nadal que fixo San Francisco en Greccio.

Propoñemos a colaboración e participación de todos, para que, no mais que se poida, sexa unha celebración familiar.

Os gastos cubrirémolos coa aportación voluntaria de todos, deixando a propia persoa beneficiada que valore o coste e os servizos.

Información e para anotarse:

Convento de Canedo – Ponteareas
Teléfonos: **986 64 00 77 – 654 28 54 50**

Nadal Franciscano



Los Padres Franciscanos del Convento de Canedo, queremos celebrar la Nochebuena y la Navidad con las personas que viven o se sienten solas.

Para informarse y apuntarse: Convento de Canedo - Ponteareas - Pontevedra. Teléfonos **986 64 00 77 – 654 28 54 50**

Programa

Día 24:

- Durante a tarde do día 24, acollida ás persoas que o solicitaron.
- Entrega de chaves e reparto dos cuartos.
- Colaboración na preparación da Cea e da Celebración da Misa do Galo.
- Cea de Noiteboa todos xuntos.
- Para os que queiran, celebración e participación na Misa do Galo.
- Tertulia e comunicación de “vivencias do Nadal”
- Descanso.

Día 25:

- Levantarse a hora que se queira.
- Rezo de Laudes do Nadal, os que queiran.
- Almorzo.
- Celebración da Misa de Nadal.
- Xantar.
- Descanso, despedida e fin do Encontro.

BENIA A QUEN DÁ BOAS NOTICIAS!

DA CORUÑA

DEPUTACION

www.dicoruna.es

EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Muñoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / subscricions@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros. **Correo electrónico** - asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Ninfa, Riveiro, Martínez

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L.

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://www.vieiros.com/canais/26/canal-irimia/> / <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

Boa Nova



**DOMINGO 19 DE DECEMBRO. 4º
DOMINGO DE ADVENTO**

Mt 1, 18-24

O nacemento de Xesús Cristo foi así: María, a súa nai, estaba prometida a Xosé; e antes de viviren xuntos apareceu ela embarazada por obra do Espírito Santo.

Xosé, o seu prometido, home xusto, non a querendo aldraxar, decidiu repudiala secretamente. Tal era a súa resolución, cando o anxo do Señor se lle apareceu en soños, dicíndolle: "Xosé, fillo de David, non repares en levar contigo a María, a túa prometida; que o que nela se concibiu é obra do Espírito Santo. Dará a luz un fillo, e ti poñeráslle de nome Xesús, porque salvará o seu pobo de tódolos seus pecados.

Todo isto aconteceu para que se cumprise o que dixera o Señor por boca do profeta: Mirade: a virxe concibirá e dará a luz un fillo, e poñeránlle de nome Emmanuel (que quere dicir "Deus conosco") q. Acordou Xosé do seu soño, e fixo tal como lle mandara o anxo do Señor, levando consigo á súa prometida.

Mateo preséntanos a Xesús como o Mesías da profecía de Isaías. Xesús forma parte unha nova humanidade, que procede directamente de Deus. O *Deus-connosco* está a chegar. Deus vai poñer a súa tenda no medio de nós. Velaí o signo desa nova humanidade: unha mociña vai dar a luz un neno que está chamado a abrir unha nova etapa na historia, por iso o seu nacemento non é "o normal". Era o xeito que tiñan os antigos de mostrar a especificidade dunha persoa desde o mesmo momento da súa chegada ao mundo.

E vemos a un Xosé que non se decata de nada, que pensa en repudiar a María (cousa que a ela lle desgrecaría a vida para sempre), que chega a un "acordo" co anxo do Señor. Ben. Así eran os xudeus: as mulleres non pintaban nada, e os homes decidían entre eles por todos e todas. Neste "pacto de cabaleiros" María non ten voz, non conta. Parece un obxecto, unha propiedade en discusión (agora xa non é así, verdade?)

Mágoa que logo, todo aquilo da nova humanidade, do Deus-connosco foise perdendo en discusións sobre o hime de María, reducindo os textos sagrados a libros de bioloxía, e facendo desaparecer toda a carga simbólica que o nacemento de Xesús tiña para aquela nova Igrexa. Xosé en soños discutía de legalidades co anxo de Deus. E porque non se puxo a bailar de contento?. Nós tamén fixemos másteres en bioloxía reprodutiva esquecendo que María é algo máis que un hime (Ai, esa perpetua tentación de cousificar ás mulleres!). Pero xa vai sendo hora de recuperar a chegada de Xesús ao mundo como un feito extraordinario, e celebralo cun auténtico xubileo de graza e perdón, de solidariedade e paz. Bo Nadal!

O soño de Xosé chama por todos os soños. As visións dos profetas e profetisas do pasado remoto, tamén de hoxe, as chamadas «de anxos» e outros soños, deses que veñen durmindo ou que nos collen ou cos ollos ben abertos. Hai quen soña co amor, cun traballo, cun recuncho quentiño onde durmir que non sexa un portal nin un caixeiro de banco, cunha cunca de caldo fervendo nunha tarde de inverno, de quen albisca a mañá en que alguén lle traerá a alta no hospital, a noticia dunha ao fin paz firmada... Quen de nós non ten soños? *I had a dream...*, a frase que cambia o mundo.

Vemos a Xosé cun soño, o eco do soño de María, que foi anterior. Vemos en Xosé a un home namorado capaz de ver a Deus na súa namorada, disposto a todo por ela, sen replicar e quen sabe, pode que se entender ben. Que muller non agradece un compañeiro que soña cun filliño a cando a ela? Vemos en Xosé un buscador do Deus no profundo, no escuro, no silencio, que descobre toda unha epopea nun proxecto de persoa, nun feto, e disque era carpinteiro. Pero eu digo que era soñador de oficio, acertaba ver, confiar e saber o que poucos vemos. Tiña esa mirada cara a dentro que debeu herdar o seu filliño porque esas cousas tamén se aprenden co roce leve e silandeiro do traballo compartido de diario, na casa, no taller. So me quedan ganas para desexar tanto como podo que veñan máis Marías e mais Xosés a aprendernos a mirar, a soñar e a crer. Qué faltiña temos de cambiar as nosas miradas, que non ven máis aló das aparencias, sen cuestionar os contornos aparentes de ideas, cousas ou persoas. Soñemos logo, porque cando dous que se queren soñan, nace Deus.

Christina Moreira

Marisa de Corne

A PALABRA

A CLAVE

ECO

Falando da lingua

Lidia e Valentina

“Me lo puedes decir en castellano?”

O conto évos triste, pero évos así no ensino post-obrigatorio con alumnado que estudou a educación infantil, primaria e secundaria antes do bipartito, antes “de la imposición del gallego”. Xulgade vós.

Caso 1- Facultade de dereito da USC. Unha profesora que dá as súas clases en galego e que non simpatiza con ningún partido nacionalista. O alumnado “galego-protéstalle continuamente porque “no entienden bien las explicaciones en gallego”. Todos os días escoita a mesma música, que se manifesta de forma máis “científica” nas avaliacións que lle fan anualmente, onde a súa puntuación descendeu nos últimos anos considerablemente por explicar o mesmo, con máis experiencia, pero por facelo EN GALEGO!

Caso 2- Centro privado que oferta ciclos formativos. Unha profesora galegofalante que emprega normalmente o castelán nas aulas. Un día, despois de estar a falar en galego cun grupiño de alumnos que teñen a mesma lingua, comeza a dar a clase en galego. Unha alumna de Vigo ergue a voz para pedirlle que traduza cada unha das preguntas que lles está ditando. “Pero... por que no usas el castellano?” “No entiendo”. Unha compañeira vasca pregunta: pero ti non es galega? Responde: “Soy

de Vigo.” Un compañeiro pídenlle que pare de dar a lata e que pense en como vai atender os clientes galegofalantes. Ela acaba chorando e chamándolles “impositores”.

Caso 3- UDC, Facultade de Ciencias da Educación. Profesora que dá as clases en galego pídelles ao alumnado que lle entreguen un traballo nesa lingua, apoiándose na necesidade de que o practiquen por se van dar aulas a unha zona onde o alumnado emprega o galego. Unha moza moi preocupada polo seu expediente, que sempre ten moi ocupado o seu tempo por mor das clases de inglés, ás que acode á EOI e tamén cun profesor nativo, ponse en pé de guerra porque “Ella no tiene ni idea de gallego, nunca lo habló ni lo escribió y no tiene donde practicarlo”. A paciencia da profesora, que pretende apelar ao seu interese polo inglés e á súa segura capacidade para aprender idiomas, ten que escoitar: “Es que en La Coruña es más fácil que alguien te hable inglés que gallego”.

E todo isto ocorreu neste novembro de 2010.



O Fachineiro da lingua

Está vivo? Non, ho, está mal enterrado!

“Pásame esa coroa que lla poño enriba, non vaia ser que se levante” ben podía estarlle dicindo un persoeiro ao outro aí diante da tumba de Blanco Amor. Mágoa que non o fixese, que co carácter que gastaba o ourensán nos últimos anos de vida abofé que lles había cantar as corenta. Nalgún programa de televisión hai tempo fixeron unha enquisa unha pregunta á xente da rúa: Pode dicirme cinco intelectuais de dereitas? A xente logo de moito pensar atinaba a dicir un par de nomes. El que teima terá a dereita galega contra a lingua propia? Os que están na foto non ensaian o enterro do galego, aínda que podían. Algúns son representación da xentiña



que traballa facendo o contrario do que debía pola nosa lingua, os confunden -conscientemente- principios con intereses ou os que enmascaran o ambición propia con asunción de responsabilidade. Hai un par de semanas miraba este fachineiro con envexa sa unha pancarta nun de estadio de máis de 100.000 na que se lía “Barça, t’estimo”. Aquí, pola contra, Alcampo acaba de eliminar a fraca rotulación que aínda conservaba en galego. Pero que ninguén se desanime, que o que vai recibir a coroa na foto acaba de anunciar a tradución de *A Es-morga* ao inglés.

A.Q.